

Unidade



Nesta unidade

Lectura e comprensión
Un regalo inesperado

Lexico
Medicamentos e produtos. As frases
habituais

Expresión oral
A augura

Expresión escrita
Os anuncios

Gramática

O suxeito: núcleo e complementos

Ortografía

Os tritongos. Casos de acentuación problemática

Recursos

Os blogs

Antes de ler

A Marcos, o rapaz da lectura, tocoulle un premio nunha chocolataría e agárda con moita ilusión.

- ¿Toucouches algunha vez un premio? ¿Cal? ¿Como te sentiches?
- Se non che tocou, ¿que che gustaría que che tocase? ¿Por que?

Un agasallo inesperado

Marcos entrou na tenda e recibiu de inmediato unha bafarada de riquísimo aroma de chocolate. Desde logo, debía ser unha gozada traballar naquel lugar todo o día.

—Non vaias pensar, ho, ca, quita, quita —respondeu o home a sorrir—. Se levases aquí tanto tempo coma min habías ver como xa non che chistaba tanto nin tiñas ganas ningunhas de comer larpeiradas.

Marcos dubidouno. El —estaba ben seguro— sempre había devecer polo chocolate doce e cremoso. Aínda que tivese sesenta anos e o comese a diario no almorzo, na merenda e na cea.

O dono da chocolatería ría a cachón daqueles comentarios mentres ía acendendo ao seu paso às luces do local. Finalmente, levouno á trastenda, onde puido ver os **trebellos** máis raros para fabricar chokolatinas, trufas, bombóns, garrapiñadas, pestiños, pastillas de cola, lingotes de caramelo, varelas de vainilla, nubes con sabor a morango ácido ou caracois de regalicia negra e vermella, segundo lle foi explicando o home.

trebello: instrumento ou ferramenta que se emprega nunha determinada actividade.

chancear: burlarse de alguén con bromas.

Por fin, entraron no cuarto contiguo, que tiña a carón do marco da porta un letreiro de cor encarnada. En letras douradas poñía *Cuarto dos Premios*, e cando o leu a Marcos fíxoselle un nó na gorxa coa emoción.

¿Que sería o que lle tocara?

Paciencia, xa faltaba pouco para sabelo.

O dono da chocolatería **chanceou** con el antes de decidirse a abrir aquela porta cunha chave grande, como as das portas vellas.

A chave provocou un ruído de engrenaxes bastante barulleiro e, cando este cesou, o home mantivo a porta pechada termando do picaporte.

—Agora pecha os ollos.

Evidentemente aquel demo de home gozaba alimentando o suspense, estaba claro. E non ía ser Marcos o que se opuxese a seguirlle o xogo uns minutos máis.



Cando por fin puido mirar de novo, quedou marabillado polo que aparecía diante dos seus ollos. Obxectos de todos os tamaños e tonalidades, enlatados, semienvoltos, a medio empacar ou simplemente distribuídos por andeis e vitrinas. **Cachifallos** fascinantes, dunhas utilidades difíciles de coñecer se antes non foran manexados con detenemento. Brillantes frascos transparentes que gardaban líquidos de cores nunca antes vistas, ou ben disolucións que —segundo prometían unhas etiquetas moi concisas— servían para «FACER DESAPARECER», «REXUVENECER», «AVELLENTAR», «VIAXAR POLO TEMPO» ou «MEDRAR/ENCOLLER», por citar só uns cantos exemplos.

cachifallo: cousa inútil que carece de valor.

Tamén había xoguetes antigos, do tempo de Mari Castaña polo menos, e bonecos vestidos con traxes de época e de miradas sospeitosamente humanas que chegaron a intimidar a Marcos.

Ao remate de todo estaba a sección das «sorpresas máis sorprendentes», como anunciou o chocolateiro, na cal só se podían atopar paquetes totalmente envoltos e precintados sen ningunha pista exterior que revelase a natureza do seu contido.


—Velaquí os agasallos que entregamos polos vales de catro díxitos —aclarou o home sinalando coa man.

E sen máis preámbulos púxose a buscar a referencia de cada caixa para dar coa que correspondía co 7447 de Marcos.

O silencio era tan intenso que o neno cría poder tocalo coa man. E a súa impaciencia andaba tan disparada que de boa gana mordiscaría as unllas. Pero xa as traía todas rilladas. Non gardara nada para á ocasión.

Nun momento dado —e despois duns minutos que para Marcos xa semellaban unha eternidade— o home volveu falar para indicarlle que xa debía andar preto do agasallo que lle tocara en sorte.

Xosé A. Neira Cruz,
«Un agasallo inesperado», en *Contos para
levar no peto*, Ed. Xerais.





Comprensión

1 ¿Quen é o protagonista da lectura? ¿Que outro personaxe aparece?

2 Responde estas preguntas sobre a lectura.

- ¿Que olor lle chegou ao protagonista ao entrar na tenda?
- ¿Que pensou ao sentir ese olor?
- ¿Que lle respondeu o outro personaxe?
- ¿Estivo de acordo o rapaz con ese comentario? ¿Por que?

3 Xustifica estas afirmacións con palabras da lectura.

- Na trastenda hai numerosos aparellos para fabricar lambetadas.
- O cuarto do lado tiña un letreiro na porta que lle provocou moita emoción ao protagonista.
- O protagonista estaba impaciente por coñecer o seu premio e o dono da tenda burlábase de
- O dono da tenda tentou manter o suspense un anaco máis.
- O cuarto estaba ateigado de produtos extraordinarios.
- Ao final do cuarto había paquetes moi envoltos.
- O rapaz xa non podía coa impaciencia.
- Ao final da lectura, aínda non atoparan o agasallo.

4 Divide o texto da lectura en partes. Completa un cadro coma este sobre esas partes no caderno.

PARTES	ABRANGUE DESDE ... ATA ...	CONTIDO
Primeira		

5 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona

6 O rapaz da lectura está impaciente por recibir un agasallo que lle tocou nunha chocolataría.

- ¿Que cres que lle puido tocar? Pensa en varias posibilidades e elixe unha. A partir dela, redacta un continuación da historia.



Tendas e produtos

7 Adiviña o nome de oito tendas. Como pista dámosche a primeira consoante e as vogais.

1. Ó _ _ i _ a

2. X o i a _ í a

3. F e _ _ a _ a _ í a

4. F _ o i _ a _ í a




5. P a _ _ e _ a _ í a

6. M e _ _ e _ í a

7. L i _ _ a _ í a

8. M o _ _ a _ í a

8 Di o nome destes produtos. Deseguido, relaciona cada un deles coa tenda anterior na que se vende.



— Escribe outro produto que se poida mercar en cada unha das tendas anteriores.

9 Nos supermercados podemos atopar diferentes produtos ordenados por seccións. Detecta o produto intruso en cada sección.

Limpeza: deterxente, xabón, xampú, ollomol

Lácteos: iogur, flan, laranxa, queixo

Doces: madalenas, porco, pasteis, galletas

Peixe: leite, luras, pescada, troitas

Froitas e verduras: allo, mazá, lixivia, pera

Carne: polo, cordeiro, biscoito, tenreira

— Volve escribir as listas das seccións cos produtos correctos.



As frases feitas

Agora imos ver que son as frases feitas e coñeceremos algunhas. Unha **frase feita** é un conxunto de palabras que se usan sempre na mesma orde e cun significado fixo.

— Le o que di Marcos, o rapaz da lectura, e fíxate na frase feita destacada.



Facíaseme un nó na gorxa
esperando o agasallo.

— Indica o significado que cres que ten esta frase feita.

A. Resultar algo indiferente.

B. Estar moi nervioso.

C. Non importar absolutamente nada.

Exercicios

1 Relaciona no caderno estas frases feitas co seu significado.

Frases feitas

1. Cara de ferreiro.
2. Meter o fociño.
3. Ter o formigo.
4. Levar o gato á auga.

Significado

- a. Non parar quieto.
- b. Estar anoxado.
- c. Vencer.
- d. Investigar de forma indiscreta.

2 Inventa un texto no que inclúas as frases feitas do exercicio anterior.

3 Substitúe as frases feitas destacadas por outras palabras que signifiquen o mesmo.

- Era a segunda vez que o rapaz chegaba de á casa e os pais **cantáronlle as corer**.
- Como sabe que os pais están enfadados el, agora **anda con pés de la**.
- Esa nena é noviña, pero xa **é aguda co** **un allo**.
- Henrique quedou sen traballo e vese **coa a** **ao pescozo**.
- Roxelio é moi conquistador e sempre **an** **facerlles as beiras** a todas as rapazas.
- Os dous nenos estaban rifando cando **ou** **gou a avoa**, pero ela axiña lles dixo: «**moi** **conto**».



A enquisa

Para saber que opina a xente sobre un tema determinado podemos facer unha enquisa. Unha **enquisa** é unha serie de preguntas que se lle fan a un grupo de persoas e que eles contestan; as preguntas poden facerse á cara ou por teléfono.

10 Le este exemplo de enquisa.

Obxectivo da enquisa


Bos días. Estamos facendo unha enquisa para coñecer os hábitos de reciclaxe da xente. ¿Importaríalle responderme unhas preguntas?

Vale. Dígame.

Preguntas con opcións para responder

¿Separa vostede os materiais para reciclar: sempre, nunca ou ás veces?

Sempre.



11 Elixe un destes temas. Deseguido, elabora unha enquisa para facérllela aos alumnos de sexto.

Temas

- ¿Que libros lles gustan máis: de aventuras, de ciencia ficción...?
- ¿Cantas horas ao día ven a televisión?
- ¿Que almorzan habitualmente?
- ¿Que deportes practican?
- ¿Que afeccións teñen?


Pautas

- Escribe preguntas relacionadas co tema elixido. Serán as que lles fagas aos enquisados.
- Propón diferentes opcións de resposta para cada pregunta.
- Explícalles aos enquisados o obxectivo da túa enquisa.
- Formula as preguntas con calma e claridade.
- Dálles tempo suficiente para responder e anota as respostas con coidado.
- Ao acabar a enquisa, dálles as grazas aos enquisados.
- Conta o número de compañeiros que escolleron cada opción e elabora os resultados.
- Expón os resultados da túa enquisa.

Os anuncios

Os **anuncios** acompañannos en moitos momentos do día: cando abrimos un xornal ou unha revista, cando vemos a televisión, cando escoitamos a radio, cando imos pola rúa... ¿Parácheste a pensar algunha vez que din e cal é o seu obxectivo?

— Observa estes dous anuncios e as súas partes.



— Responde estas cuestións sobre os anuncios anteriores.

- ¿Que anuncia cada un deles?
- ¿As imaxes teñen relación co que se anuncia?
- ¿Que din os slogans? ¿Que mensaxe transmiten?
- ¿Cal dos dous pensas que é un anuncio propagandístico? ¿Cal pensas que é publicitario? ¿Por que?



Os **anuncios** pretenden influír na conduta das persoas cun fin social ou cultural, ou persuadilas para que merquen un produto determinado.

Os anuncios están formados por un **slogan** (frase curta e atraente sobre o que se anuncia) e unha **imaxe** (debuxo ou fotografía relacionada co slogan).

Hai dous tipos de anuncios:

- **Propagandístico:** o seu obxectivo é influír na conduta das persoas cuns fins sociais ou culturais.
- **Publicitario:** busca persuadir as persoas para que adquieran un produto determinado. Ten finalidade comercial.

1 Observa a imaxe deste anuncio e elixe o slogan que creas máis adecuado.



a
A lectura,
sempre unha aventura

b
Les tí, len eles

c
Un libro, un amigo


- ¿Que slogan elixiches? ¿Por que?
- ¿Que pretende comunicar este slogan?
- ¿Cres que se trata dun anuncio publicitario ou propagandístico? Razona a túa resposta.

2 Crea un anuncio publicitario. Sigue estes pasos:

- Pensa no produto que vas anunciar. Cómpre que sexa coñecido por todos: material escolar, deporte, ocio, alimentación...
- Inventa o nome que lle vas poñer ao produto.
- Crea un slogan, é dicir, unha frase curta e atraente que nos incite a usar ou mercar ese produto.
- Elabora unha imaxe bonita relacionada co slogan.
- Repasa o anuncio e preséntao ben tanto de contido coma de forma.

Ten en conta estes consellos:

- No slogan podes empregar a rima, frases en imperativo (mira, compra, visítanos...), palabras con sons parecidos...
- Á hora de escribir, podes empregar letras de diferentes cores e tamaños.
- A imaxe tamén di moito, así que pénsaa e elabóraa con moito coidado.



Suxeito

Como xa sabes, o **suxeito** é aquela parte da oración que indica quen realiza a acción do verbo. O suxeito pode ser:

- Un **substantivo**.


Rosa nada na piscina.

Suxeito:
Substantivo

- Un **pronome persoal tónico**.

Ela nada na piscina.

Suxeito:
Pronome persoal tónico



- Un grupo de palabras formado por un **substantivo** mais un **artigo**, un **adxectivo**...

Unha nena guapa nada na piscina.

Suxeito:
Artigo + substantivo + adxectivo

O núcleo do suxeito

O **núcleo** é a palabra máis importante do suxeito e sempre é...


...un **substantivo**:

Marcos xoga na rúa.

Suxeito: *Marcos*. Núcleo do suxeito: o substantivo *Marcos*.

O rapaz louro xoga na rúa.

Suxeito: *O rapaz louro*. Núcleo do suxeito: o substantivo *rapaz*.



...un **pronome persoal tónico**:

El xoga na rúa.

Suxeito: *el*. **Núcleo do suxeito:** o pronome persoal tónico *el*.

Os complementos do suxeito

Cando o suxeito é un grupo de palabras, o substantivo é o núcleo e o resto das palabras son os **complementos** do núcleo. Velaquí as clases de palabras que poden ser complementos do núcleo do suxeito.

CLASES DE PALABRAS	EXEMPLOS	COMENTARIOS
Artigos	O colar rompeu.	O suxeito é «o colar»: o núcleo é «colar» e o complemento, o artigo «o».
Demostrativos	Ese colar rompeu.	O suxeito é «ese colar»: o núcleo é «colar» e o complemento, o demostrativo «ese».
Posesivos	O meu colar rompeu.	O suxeito é «o meu colar»: o núcleo é «colar» e os complementos, o artigo «o» e mais o posesivo «meu».
Numerais	Catro colares romperon.	O suxeito é «catro colares»: o núcleo é «colares» e o complemento, o numeral cardinal «catro».
Indefinidos	Varios colares romperon.	O suxeito é «varios colares»: o núcleo é «colares» e o complemento, o indefinido «varios».
Adxectivos	O colar novo rompeu.	O suxeito é «o colar novo»: o núcleo é «colar» e os complementos, o artigo «o» e o adxectivo «novo».

1 Subliña no teu caderno o suxeito de cada unha destas oracións.

- O can brincador escapou cun calcetín.
 - Irea celebrou onte a súa festa de aniversario.
 - Eles adormecen sempre tarde.
 - A vella carnizaría cerra moi tarde.
 - O xampú azul lava moi ben o pelo.
- Señala cal é o núcleo do suxeito e os complementos, en cada caso.
- Indica que clases de palabras son o núcleo e os complementos.

2 Inventa oracións nas que o suxeito sexa...

...un substantivo


...un pronome persoal tónico

...un demostrativo + un substantivo

...un artigo + un substantivo + un adxectivo

Os tritongos

Un tritongo é un conxunto de tres vogais que pertencen á mesma sílaba. Para que haxa un tritongo cómpre que teñamos...




Casos de acentuación problemática

Velaquí unha serie de palabras nas que quizais dubides se son esdrúxulas, graves ou agudas.

Son **agudas**: cho-fer, ra-dar...

Son **graves**: he-ro-e, pa-ra-si-to, pa-xa-ro, pe-li-ca-no, rép-til...

Son **esdrúxulas**: o-lim-pí-a-da, pe-rí-o-do...



Exercicios

1 Busca nesta sopa de letras catro palabras con tritongo. Sigue estas pistas.

- Árbore á que tamén se lle chama sabugueiro.
- Plural de *oficial*.
- Primeira persoa do singular do Pretérito de indicativo do verbo *minguar*.
- Planta á que tamén se lle chama *fento* ou *felgo*.

b	i	e	i	t	e	i	r	o	x
x	v	p	q	e	x	f	o	f	h
ñ	e	s	i	a	i	c	i	f	o
r	n	o	o	t	i	e	i	f	c
m	i	n	g	ü	e	i	l	g	p

2 Separa as palabras do exercicio anterior en labas.

3 Completa estas oracións con palabras de acentuación problemática que acabamos de ver.

- Ese nadador gañou oito medallas de ouro nas últimas
- O pardal é un e o crocodilo,
- O dese taxi converteuse en ao salvar unha nena de atropelada.
- A mercería estará cerrada durante de quince días.
- O piollo é un
- Esa ave non sei ben se é un flamenco ou

Os blogs

— Le este texto sobre os blogs.

En 1999 apenas había dúas ducias, no 2006 hai 30 millóns. Son os weblogs, blogs ou bitácoras.

Log significa en inglés libro de rexistro ou de notas. En 1997, un estadounidense, Jorn Barger, foi o primeiro en bautizar o que facía na súa páxina web como Weblog. El creou Robot Wisdom, unha especie de rexistro do mellor ou do máis relevante que atopaba en Internet.

En realidade, os weblogs, hoxe reducidos a blogs, non deixan de ser unha variedade das páxinas persoais de sempre, pero cun substancial engadido: o usuario pódese concentrar no contido e esquecer cuestións técnicas e custos para o seu peto.

Actualmente, decenas de miles de persoas en todo o mundo (din aqueles que se atreven a dar cifras que 33 millóns) ofrecen os seus pensamentos, coñecementos, opinións, filtracións, trucos ou, simplemente, cóntannos as súas vidas nestas páxinas.

Segundo un estudo dun grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, a finais do 2005 había 1.100 blogs en galego, dos cales 600 se crearon no 2005. Este número é o que lles permite falar de blogomillo, ou blogosfera galega. Segundo este estudo, a metade dos blogs en galego que existen na actualidade dedícase a temas culturais, literarios, de activismo social ou á política.

Para botarlle unha ollada ao panorama de blogs en galego, un bo recurso é Blogaliza, unha especie de catálogo da blogosfera galega.


Nuria Almiron, *O fenómeno blog*, Revista R (adaptación)

Responde estas cuestións a partir do texto anterior.

- ¿Cal é a orixe da palabra *blog*? ¿E a orixe dos blogs?
- Define coas túas palabras que é un blog.
- O blogomillo é un catálogo dos blogs existentes en galego. ¿Que outro nome recibe?
- ¿Que é Blogaliza?

Entra en Blogaliza: <http://blogaliza.org> e describe o que atopas nesta páxina.

Despois, fai clic sobre *Día das Bibliotecas Escolares* e explica que podemos atopar neste blog.



Para acabar

- 1** Inventa un slogan para esta imaxe. Lembra que debe ser curto e atraente.



- 2** ¿Que tipo de anuncio é o anterior despois de inventar o slogan? ¿Por que?

- 3** Indica en que tenda poderías mercar cada relación de produtos.

lámpada

parafuso

cravo

porca

cadeira

sofá

cama

estante

polo

cabrito

tenreira

porco

ollomol

luras

pescadas

troitas

- 4** Explica o significado destas frases feitas.

• Meter o fociño.

• Coa auga ao pescozo.

• Andar con pés de la.

— Inventa unha oración con cada unha das frases anteriores.

- 5** Subliña o suxeito destas oracións. Deseguido, indica cal é o núcleo e cales os complementos.

• O vaso grande rompeu en anacos.

• Esta chaqueta ten un furado nunha manga.

• Tres piollos grandes rían a gargalladas.

• Varios rapaces pequenos choraban sen parar.

- 6** Completa estas palabras con tritongos. Despois, inventa un pequeno texto coas tres palabras.

B.....to

ofic.....s

f.....to

Para repasar Unidades 4 á 6

Léxico

1 Clasifica estas palabras segundo o prefixo.

atípico - ingrato - desacougo
extraterrestre - intrauterino - subterráneo
imposible - ilegal - interlineal

**Prefixo
de lugar**

**Prefixo
de negación**

— Completa estas oracións coas palabras anteriores que cadren ben.

- Eu xa sei que ti nunca farías nada que fose
- Aínda non está comprobado que existan
- É que eu viaxe algún día á Lúa.
- Sentía un certo; non sabía que lle pasaba.
- Nunca dixen que el fose un
- Con esta seca teremos que facer un pozo
- Hoxe foi un día

2 Forma palabras derivadas con estes sufixos e estas palabras.

-dor / -aría / -doiro / -ista / -eiro

ferro	calzar	carne	tenis
ola	quentar	dente	aparcar

3 Explica o significado das frases feitas destacadas nestas oracións.

- É un rapaz que sempre está a **meter o fociño** en todos os sitios.
- Non é mala persoa, pero **ten o formigo**.
- Traballaron moito para gañar o premio, pero ao final foi Luís o que **levou o gato á auga**.
- ¡Que estraño! Sempre está sorrindo, pero onte tiña **cara de ferreiro**.
- O pai axiña lles **cantou as corenta** aos dous por estar rifando.

Expresión escrita


4 Elixe un destes obxectos e descríbeo.



espremedor



torrador



batedor



aspirador

5 Velaquí o desenlace dun conto.
— Escribe ti a introdución e o nó.

A toupa Xoana chegou á casa totalmente esgotada despois do pesadelo de día que tivera. Por fin podería ducharse e botarse a durmir. Quizais así esquecería todo.

E conto contado, conto rematado.

6 Explica que é un anuncio.

- ¿De que partes consta?
- ¿Que tipos de anuncios hai?
- ¿Que finalidade ten cada tipo de anuncio?

7 Inventa un anuncio para un destes produtos.

- Un xampú.
- Unhas zapatillas de deporte.
- Un lapis.
- Unha colonia.

Gramática

8 Identifica as perífrases verbais destas oracións e escríbeas no caderno.

- A avoa ten ido moitas veces ao cine.
- Temos que levar o can ao veterinario.
- Andades dicindo unha chea de historias.
- A actriz rompeu a chorar.
- ¿Deches feito a comida?

9 Explica a diferenza entre texto, parágrafo e oración.

10 Le este texto sobre a historia dos Xogos Olímpicos.

Os Xogos Olímpicos eran unha festa ou un xogo que os gregos celebraban cada catro anos, en honor ao deus Zeus, na antiga cidade de Olimpia. A orixe destes xogos non se coñece con seguridade. No que si parecen coincidir as diversas fontes é en que a partir do 884 a. C. convértense nunha semana de paz, nunha tregua nas guerras que destruían Grecia.

Ao principio só participaban atletas gregos, pero pouco a pouco fóronse incorporando atletas de toda a zona mediterránea. Disputábanse probas de carreiras, saltos, lanzamento, hípica e loita, ao mesmo tempo que se celebraban cerimoniais relixiosas e concursos de poesía.

Na época moderna, os xogos recuperounos o barón de Coubertin, a finais do século XIX. Os primeiros organizáronse en Atenas en 1896.

- ¿Cantos parágrafos ten?
- Escribe no teu caderno unha oración do terceiro parágrafo.

11 Escribe estas oracións e subliña o suxeito. Despois, rodea o núcleo.

- Os historiadores inquietos estudan seguido.
- Nós iremos buscar pasteis.
- O can grande non morde.

Ortografía

12 Acentúa correctamente estas palabras hiato.



INCORRECTO

miudo - muiño - saída - cereal - farac
caida - Maria - habia - area - raiz - aer
baul - periodo - olimpiada - Raul - rui

13 Copia estas palabras e subliña os tritos se os hai.

bieiteiro - oficiais - irrealis - saia
feito - mingüei - praia - Bieito - raio

14 Acentúa estas palabras se o precisan.
— Explica por que as acentuaches ou non.



INCORRECTO

reptil - heroe - pelicano - misil - chofe
radar - parasito - paxaro

Pon punto e seguido, punto e á parte e punto final neste texto.

Unha ra é un anfibio Está emparentada sapos Existen unhas 4 800 especies de ra A maioría pasa a súa vida dentro ou cerca auga

O seu tamaño é variable Entre as ras máis quen as encontramos o coqui, mentres que a ra máis grande é a goliath

En Galicia hai catro especies de ras

As ras habituais en Galicia teñen o dorso dourado ou pardo, o abdome claro e os ollos saltóns

O sapo é un animal diferente

Pon en práctica